

Celga



3

PROBA B (ORAL)

Caderno dos examinadores



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C3-B-11

PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, lea vostede este artigo sobre o emprego dos automóviles. Tome as notas que precise. Na entrevista oral terá que:

- Resumir o texto.
- Realizar unha exposición.
- Conversar sobre o tema.

Vivir e traballar sen coche é desexable... e posible

O cálculo do gasto que supón chegar cada día ao lugar de traballo en coche implica ter en conta non só o desembolso en carburante, senón os custos de mantemento, os do seguro do vehículo e o diñeiro en peaxes e aparcadoiro.

Saír pola porta da casa de luns a venres cara ao posto de traballo significa para moitas persoas saír tamén pola porta do coche, pola porta do taller, pola porta da oficina da aseguradora e, sobre todo, pola porta do banco. Tal e como revela a última Enquisa de Mobilidade elaborada polo Ministerio de Fomento en 2008, que contabilizou preto de 18 millóns de españois que se desprazan cada día ao seu posto de traballo, o coche é o medio utilizado por máis de 11 millóns, moi por riba da bicicleta (é a forma escollida por case 4 millóns de cidadáns). Os transportes públicos e o traxecto a pé son opcións minoritarias; tres millóns de usuarios viaxan en autobús, en tren ou nunha combinación dos dous, mentres que un millón chega a pé ao seu lugar de traballo.

O automóbil é unha opción cómoda para moitos, rutineira para outros e cara para todos. Cada quilómetro percorrido no coche pode chegar a custarnos máis de 20 céntimos de euro, o que se traduce nun desembolso anual de case 5000 euros. Un prezo tan alto coma o que lle obrigamos a pagar ao medio: os vehículos por estrada son os responsables de máis da metade das emisións contaminantes que vertemos á atmosfera. Agora ben, o que non logrou a conciencia ecolóxica nin as diferentes iniciativas disuasorias de usar o coche, deseñadas por concellos e autoridades, conseguíuno a crise económica. O Real Automóbil Club de Cataluña (RACC) realizou un estudo nas principais cidades españolas para demostrar ata que punto os hábitos de mobilidade dos españois cambiaron coa crise. O 66 % dos condutores enquisados declaraba utilizar menos o seu coche ou a súa moto, mentres que un 44,7 % afirmaba usar máis os transportes públicos. A crise, xa que logo, confirma unha racionalización do comportamento do consumidor que lle fai repensar o diñeiro que gasta todos os meses en acudir ao traballo en coche.

Reducir carburante e aforrar. Como reducir o consumo de carburante e aforrar diñeiro?

Calculouse que a forma de conducir pode aumentar ou diminuír o consumo de combustible entre un 15 % e un 20 %:

- Planifique a ruta e elixa sempre o camiño menos conxestionado.
- Evite a sobrecarga do vehículo ocasionada polo exceso de peso e de obxectos inútiles no maleteiro. Por cada 100 kg de peso adicional, increméntase o consumo de carburante nun 5 %. Só o uso da baca aumenta o consumo de carburante entre un 2 % e un 35 %.

- O uso do aire acondicionado incrementa ata un 20 % o consumo de carburante. É recomendable utilizalo con moderación. A sensación de benestar no coche conséguese cunha temperatura interior de arredor de 23-24 °C.
- Non leve as ventás totalmente abertas cando conduza, pois incrementa o consumo de carburante nun 5 %. No seu lugar, pode utilizar a ventilación forzada do coche.
- Manteña a presión correcta e a aliñación dos pneumáticos. Unha presión de 0,3 bares por baixo do establecido polo fabricante incide nun sobreconsumo de aproximadamente un 3 %.
- Arranque o motor sen pisar o acelerador. Nos motores de gasolina convén iniciar a marcha inmediatamente despois da arrancada e nos de diésel recoméndase esperar uns segundos antes de comezar.
- En cidade, sempre que sexa posible, utilice a cuarta e quinta marchas. O coche consome menos carburante nas marchas longas e a baixas revolucións.
- Manteña a velocidade de condución o máis uniforme posible e, se é moderada, mellor. Un aumento de velocidade do 20 % (pasar por exemplo de 100 a 120 km/h) significa un aumento do 44 % no consumo (de 8 l/100 km a 11,5 l/100 km).
- Sempre que a velocidade e o espazo o permitan, deteña o coche sen reducir previamente de marcha.
- En paradas prolongadas (por riba de 60 segundos) convén apagar o motor.

Texto adaptado da revista *Eroski Consumer*

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1-2 minutos aprox.
<p>Orientacións para o avaliador: esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que o candidato se sinta a gusto e de que se tranquilice, polo que cómpre evitar as preguntas que o poidan incomodar ou as que resulten molestas.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Como se chama? ▪ A que se dedica? ▪ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea... ▪ Canto tempo leva estudando galego? Por que o estuda? ▪ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? <p>(Se procede)</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Que lle gusta máis da cultura galega? ▪ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa? 	
2. RESUMO	3 minutos aprox.
<p>Orientacións para o avaliador: o candidato ten que realizar un resumo do artigo. Nesta fase preténdese comprobar que o candidato entendeu o contido do texto. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha(s) das seguintes preguntas:</p>	
<p>Faga un resumo do contido do artigo.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Que gastos se inclúen no cálculo total do uso do automóbil? ▪ Cales son os medios de transporte máis usados pola poboación? ▪ Que cambios está a provocar a crise neste tema? ▪ É posible reducir gastos no uso do automóbil? Como? 	
3. EXPOSICIÓN	3-4 minutos aprox.
<p>Orientacións para o avaliador: o entrevistador escollerá unha das alternativas das que se propoñen e, a partir dela, diralle ao candidato que faga unha exposición de 2-3 minutos, na cal defenda o seu punto de vista ou argumente sobre ese tema. Daráselle 1 minuto para pensar ou organizar o seu discurso e indicárselle o seu tempo aproximado de duración. É moi importante que se realice esta parte para que o candidato poida ser debidamente avaliado. Se o candidato tarda en iniciar a súa exposición, poderáselle axudar con preguntas do tipo: Que opina vostede sobre isto? Está de acordo? Parécelle necesario? Quere engadir algo máis? Se non a realiza, haberá que respectar un pouco o seu silencio para deixar en evidencia que non está cumprindo esta parte da tarefa, pero EN NINGÚN CASO se pasará inmediatamente ás preguntas de interacción da seguinte parte.</p>	
<p>Realice unha exposición acerca do seguinte enunciado:</p> <ul style="list-style-type: none"> A. "Ir cada día ao traballo sen usar o coche é posible e desexable." B. "Cambiar os hábitos de consumo para mellorar a economía doméstica." C. "O que non logrou a conciencia ecolóxica conseguiu a crise económica." 	

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

Orientacións para o avaliador: logo da exposición, establecerase un diálogo co candidato. A opción de preguntas que se lle dará ao candidato (A, B, C...) debe coincidir coa opción do enunciado do ítem anterior. Agora ben, estas preguntas NON consisten nun interrogatorio; son só suxestións e DEBEN ADECUARSE, na medida do posible, ao discurso do candidato.

OPCIÓN A

“Ir cada día ao traballo sen usar o coche é posible e desexable.”

- Que alternativas ao transporte privado coñece para acudir ao traballo?
- Cre que estas alternativas son sempre realistas ou hai lugares onde non existen outros xeitos de desprazarse?
- Que medio de transporte utiliza vostede? Por que? E a maioría da xente que coñece?
- Pensa que o transporte público está suficientemente desenvolvido?
- Cre vostede que os usuarios dos automóbiles coñecen e usan recursos para reducir o gasto? E vostede?
- Que medidas suxeriría para cambiar os hábitos de transporte?
- (Se procede) Hai algunha diferenza entre Galicia e o seu lugar de orixe respecto a este tema?

OPCIÓN B

“Cambiar os hábitos de consumo para mellorar a economía doméstica.”

- Cre vostede que a xente cambiou os seus hábitos de consumo na economía doméstica a causa da situación económica actual? En que aspectos?
- En que ámbitos lle parece posible aforrar diñeiro? No consumo da auga, da calefacción, da luz, na compra? Por que?
- Que medidas suxeriría vostede para cambiar os hábitos de consumo co fin de aforrar cartos?
- Pensa vostede que, unha vez superada a crise, a xente seguirá usando medidas de control?
- Cre que a crise pode ter algunha consecuencia positiva? De que tipo?
- (Se procede) Hai algunha diferenza entre Galicia e o seu lugar de orixe respecto a este tema?

OPCIÓN C

“O que non logrou a conciencia ecolóxica conseguíuno a crise económica.”

- Cre que esta afirmación sobre o cambio de hábitos por causa da crise é certa?
- Pensa que a poboación é consciente dos problemas ecolóxicos causados polo uso do transporte privado?
- Que medio de transporte utiliza vostede? E a maioría da xente que coñece?
- Cre vostede que non se buscan alternativas de transporte por cuestións de comodidade e rutina?
- Por que pensa que aínda que resulte caro hai moita xente que non renuncia a viaxar soa no seu coche?
- Cal cre que é o futuro do transporte público e do privado nos desprazamentos laborais?
- (Se procede) Hai algunha diferenza entre Galicia e o seu lugar de orixe respecto a este tema?